

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2020.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **TRECE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE**, baixo a Presidencia do Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia da 1ª Tte de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE**, tenente de Alcalde **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLDO MOURE DOPICO**.  
Secretario da Corporación: **JULIO MÉNDEZ CASTRO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á seguinte Orde do Día :

**1º.- EXPTE. 726/2019. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PERSOAL, EMPREGO E COMERCIO DE CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPREGO A DNA. Mª. PILAR RIVEIRA FONDEVILA.**

**2º.- EXPTE. 1470/2019. RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN RELACIÓN CO PLAN CONCELLOS 2018-2019 - LIÑA 1 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DE BAIXA PARA O INVESTIMENTO: ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS.**

**1º.- EXPTE. 726/2019. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PERSOAL, EMPREGO E COMERCIO DE CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPREGO A DNA. NATALIA FONDEVILA LÓPEZ.**

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, Mª Pilar Peón Iglesias de 19 de agosto, con referencia á solicitude de Dna. Mª. Pilar Riveira Fondevila de 30 de decembro de 2019, con nº de rexistro de entrada 5734, con cargo ás Axudas Municipais á Creación de Emprego, de acordo coas bases e convocatoria de 2019, na que se sinala o seguinte:

*“Visto, que achega a documentación requirida nas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego*



Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases obtén a seguinte puntuación:

Puntos	Euros
Parado de Longa Duración	---
Apertura de Local	300
Alta Autónomo	600
Contratación Persoal	
Plus por Proxectos do Sector Primario, relacionado co Medioambiente ou I+D+I	----
Muller monoparental con cargas familiares	---

**PROPOÑO:**

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder a subvención solicitada por importe de 900,00.- € a Dna. M.<sup>a</sup>. Pilar Riveira Fondevila.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de outubro de 2018 ata 31 de decembro de 2019”.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** prestar aprobación á proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, de data 8 de xaneiro de 2020 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo á Intervención aos efectos oportunos.

**2º.- EXPTE. 1470/2019. RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN RELACIÓN CO PLAN CONCELLOS 2018-2019 - LIÑA 1 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DE BAIXA PARA O INVESTIMENTO: ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS.**

Polo Sr. Alcalde dase conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra en relación co Plan Concellos 2018-2019, de concesión de subvención por reinvestimento de baixa por un importe de 21,086,75.- € con destino ao financiamento do investimento “ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS”.



A Xunta de Goberno ACORDA o inicio do procedemento de licitación da obra, coa invitación a participar no mesmo ás empresas que se relacionan:

- Celso Novo Pérez
- Construcciones Rey Rozados, S. L.
- Construcciones Míguez Xestoso, S. L.
- Elías Taboada Cumbraos.
- Endenor Mantenimento y Servicios, S. L.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión ás 13 horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de xaneiro de 2020

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández  
Méndez Castro

O SECRETARIO acctal.  
Asdo. Julio

